



# II OLIMPIADA XEOGRÁFICA DE GALICIA

**4 de marzo de 2016**

Inscripcións ata o 29 de febreiro de 2016





### **Objetivos:**

A II Olimpíada de Xeografía de Galicia persecue fomentar o interese dos alumnos por esta ciencia, que se atopa estreitamente ligada ao territorio e que nos axuda a coñecer e comprender o mundo no que vivimos, tanto o medio natural como as actividades humanas que se desenvolven nel.



### **Organización:**

Está organizada pola Delegación Territorial do Colexio de Xeógrafos en Galicia en colaboración co Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela.



### **Participantes:**

Poden participar todos os alumnos matriculados en segundo curso de bacharelato que cursen a materia de Xeografía en calquera centro público, concertado ou privado da Comunidade Autónoma de Galicia. A participación é individual e pódense presentar un máximo de cinco alumnos por centro.



### **Inscripcións:**

Os centros educativos interesados deben cumprimentar o impreso de inscrición que se atopa na web do Colexio de Xeógrafos (<http://www.geografos.org/iniciativas/olimpiadas-de-geograf%C3%ADa-de-esp%C3%A1a.html>) ou na do Departamento de Xeografía (<http://www.usc.es/xeograf/>). Debe haber un profesor responsable dos alumnos participantes.

As inscricións poden enviarse por correo electrónico a [xeografosgalicia@gmail.com](mailto:xeografosgalicia@gmail.com) ou por correo postal á seguinte dirección:

Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos  
Apdo. 41 – 15780 – Santiago de Compostela

O prazo de inscrición finaliza o día 29 de febreiro de 2016



### **Celebración da Olimpíada:**

A olimpíada celebrarase o día **4 de Marzo** ás 10:00 horas no Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago. Facultade de Xeografía e Historia, Praza da Universidade nº 1, Santiago

10:00 h. Presentación do acto.

10:30 h. Inicio da proba (duración aproximada dunha hora)

11:30 h. Almorzo de participantes e acompañantes.

12:15 h. Presentación dos estudos de Xeografía e da actividade profesional do xeógrafo.

13:30 h. Entrega de diplomas de participación e resultados



### **Proba:**

A proba constará de 50 preguntas de opción múltiple que poderán incorporar gráficos, fotografías e cartografía. Serán referidas ao programa de contidos coincidente co temario de selectividade e, en todo caso, aspectos vinculados.

O Tribunal corrector estará formado por profesores do Departamento de Xeografía e membros do Colexio de Xeógrafos en Galicia. Este tribunal cualificará os exercicios e propondrá os gañadores.



### **Premios:**

Os tres participantes que obteñan mellor cualificación serán os gañadores da II Olimpíada e recibirán un regalo.

En caso de empate realizarase un sorteo seguindo as bases da olimpíada estatal. O fallo do tribunal será inapelable.

O centro educativo que obteña unha mellor puntuación media entre os seus alumnos (cun mínimo de 3 participantes) recibirá, ademais dun diploma acreditativo, un lote de materiais didácticos por parte das entidades colaboradoras. Os seguintes cinco centros con mellores cualificacións recibirán un diploma acreditativo.

A entrega de premios terá lugar o día **4 de Marzo** no Paraninfo da Universidade situado na Facultade de Xeografía e Historia.



### **Fase estatal:**

A fase estatal é a VIIª Olimpíada de Xeografía de España, que terá lugar os días 15, 16 e 17 de abril de 2016, venres, sábado e domingo, en Salamanca. Representarán a Galicia os tres primeiros clasificados ou os seus suplentes. Os gastos de aloxamento e manutención dos tres alumnos e dun adulto acompañante corren a cargo da organización. As bases da fase estatal poden consultarse en <http://www.geografos.org/iniciativas/olimpiadas-de-geograf%C3%ADa-de-espaa%C3%B1a.html>



### **Dereitos:**

- a) Para temas de imaxes (fotos, vídeos, etc.), probas e outras actividades da Olimpíada, estas serán tratadas segundo as normas da sede onde teña lugar o acto correspondente ou, no seu defecto, segundo os criterios do Colexio de Xeógrafos.
- b) A cerimonia de premios será sempre un acto público e as reportaxes gráficas que nel se realicen serán propiedade da institución que o organice e o Colexio de Xeógrafos, que poderán usar libremente este material nas súas publicacións, webs, etc.



### **Aceptación:**

A inscrición na Olimpíada implica a aceptación destas normas.

### **Coordinación:**

M<sup>a</sup> José Piñeira Mantiñán  
*Presidenta do Colexio de Xeógrafos en Galicia*

Francisco Durán Villa  
*Director do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela*

Montserrat Villarino Pérez  
*Corresponsal da AGE no Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela*

### **Comité Organizador:**

María José Piñeira Mantiñán  
Montserrat Iglesias Pérez  
Ángeles Piñeiro Antelo  
José Manuel Taboada Failde  
Ana Isabel Díaz Gómez  
Ignacio Fernández López  
Xosé Constenla Vega

*Colexio de Xeógrafos en Galicia*

Montserrat Villarino Pérez  
Alberto Martí Ezpeleta  
Francisco Durán Villa  
*Departamento de Xeografía*

## Organización e patrocinio

